



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

CURSO 1º

OBXECTIVOS XERAIS

- Introducirse na investigación etnomusicolóxica mediante as técnicas de traballo de campo como metodoloxía básica de estudo da música tradicional.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer, de xeito práctico e teórico os diferentes medios e ferramentas, como recurso de transmisión das investigacións.
- Adquirir hábitos de exposición adecuada dos coñecementos adquiridos, criterios adoptados e conclusións da investigación.
- Aproveita-los medios ó seu alcance con vistas a plasma-las súas propias investigacións.
- Adquiri-la formación etnomusicolóxica necesaria para levar a cabo investigacións sobre música tradicionais.

CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- Concepto, tipoloxía e alcance do traballo de campo como método en Etnomusicoloxía. Formulación de hipóteses e proxectos .
- A investigación de campo. Preparativos previos. Técnicas de aproximación ás fontes orais. Establecemento da relación. Métodos de observación e recolección sistemática de datos. A enquisa e os seus tipos.
- O equipamento técnico. Sistemas de gravación e arquivo. Consideracións sobre o tratamento da imaxe e o son por parte do investigador.
- A informática ó servizo do investigador. Aspectos básicos de edición de texto, son, imaxe e notación musical,
- A música dunha cultura: criterios de aproximación e descrición. Áreas etnomusicais. Sistemas de ordenación e catalogación do corpus musical de tradición oral. Tipoloxía musical e literaria dos principais xéneros: métrica e forma; son e estilo de canto. Melodía, escala, e tempo.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

- As conclusións do traballo de campo. Validación ou confrontación de hipótese iniciais. A idea dun sistema e código musical implícito nas estruturas musicais. As lecturas socioculturais e formalistas na investigación do campo.

CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización dun proxecto do traballo de campo a realizar durante o curso.
- Manexo de equipos de son (Mini – Disc) e Cámara de vídeo.
- Manexo adecuado dos programas relativos á dición de texto (word), son (Sound Forge), vídeo (Pinnacle) e Finale ou Encore.
- Calidades da expresión, transcripción e notación das músicas folclóricas. Análise musical etnomusicolóxico.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Lecturas de fragmentos e libros representativos extraendo os pensamentos e ideas fundamentais dos seus autores.
- Lectura de traballos publicados ou non onde se poidan extraer ideas e técnicas a empregar na propia investigación.
- Lectura de traballos actuais en internet e outro tipo de información con respecto a este tipo de traballos.
- Realización de traballos de edición coas ferramentas tecnolóxica e informáticas mencionadas arriba.
- Elaboración de transcripcións empregando músicas de tipoloxía diversa, gravada en CD ou en soporte informático.
- Elaboración de enquisas tipo.
- Realización dun traballo durante o curso que conteña gravacións, transcripcións e edición do recollido



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización de traballos escritos sobre os contidos da materia.
- Elaboración do traballo en un CD que conteña pistas de audio, vídeo textos ,partituras etc
- Manipulación propia de arquivos musicais e de medios informáticos.
- Posta en práctica do modelo de enquisa en traballos concretos.
- Realización dun traballo de investigación de recollida a ser exposto na clase, empregando os medios que considere oportunos para a súa elaboración e exposición.

CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Interese pola investigación sobre as músicas de tradición oral
- Valoración da necesidade de expor os traballos de xeito adecuado.
- Emprego responsable e exhaustivo dos medios ó seu alcance.
- Interese pola recollida, transcripción e edición como posibilidade de transmisión das investigacións.

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Ordenador con internet e correo electrónico.
- Programas informáticos: Word, Sound Forge, Pinnacle, Finale, Encore.
- Cámara de vídeo
- Gravador Mini-Disc.

METODOLOXÍA

A metodoloxía a utilizar no traballo de campo é eminentemente activa. Se trata de dar parámetros e criterios ó alumno para que este adquira certos coñecementos pero sobre todo para que adquira hábitos e estratexias adecuadas. Neste primeiro curso non se trata de realizar traballos orixinais senón máis ben de acadar as técnicas



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

imprescindibles,tanto para a recollida de datos como de gravacións e a súa posterior transcripción e edición. Neste senso hai tarefas puramente técnicas pero necesarias para calquera investigador hoxe en día coma o manexo da tecnoloxía de gravacións de sons o imaxe e o seu posterior tratamento por medios informáticos pero tamén é fundamental traballar a boa transcripción musical para o cal é necesario facer este traballo a miúdo coma “unha ximnasia do oído”.

É fundamental nesta etapa familiarizarse coas teorías dos investigadores principais no ámbito etnomusicolóxico, así coma os traballos máis salientables ou ben os máis cercanos e acadables,que poden ser igualmente interesantes.Non debemos tampouco esquecer que nos encontramos cunha disciplina relativamente nova e non existe un sistema único,senón moitas tendencias.Neste senso,os alumnos deben ser conscientes do que poden aportar a esta disciplina e o que o estudio do propio folclore pode aportarlles no estudio do instrumento.

O traballo combinará:

- -Realización dun artigo etnomusicolóxico.
- -Escoita de gravacións e comentarios.
- -Comentario de textos.
- -Realización de material para realizar a recollida de datos
- -Busca desa información na realidade
- -Debate sobre a conveniencia dos métodos utilizados
- -Transcripción por medio dos métodos que estean ó alcance
- -Elaboración de conclusións e relación do traballo.

Por suposto os temas de traballo deberían ser seleccionados segundo as posibilidades reais de tempo, dispoñibilidade e medios

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Elaborar unha enquisa, seguindo as indicacións dadas na clase.
- Definir, empregando un léxico apropiado, as características básicas de cada música estudada.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común.
- Elaboración dun artigo sobre algún tema relacionado coas músicas de tradición oral.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

- Traballos individuais ou en grupo.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN PARA SETEMBRO

- Realización dunha proba escrita onde se avaliará o nivel de adquisición dos contidos conceptuais da materia.

Bibliografía:

- **Cámara de Landa, Enrique** .*Etnomusicología* Ed. ICCMU .Colección Música Hispana.Madrid 2002.
- **Nettl, Bruno** : *Música folclórica de los países occidentales*.Ed.Alianza Música.Madrid 1985.
- **Cruces, F. e outros.**: *Las culturas musicales*. Ed. Trotta. Madrid, 2001.
- **Díaz Viana, Luis**. *Música y Culturas*. Ed, Eudema antropología .Madrid 1993

Outras fontes de consulta:

Actas dos congresos de Etnomusicoloxía e revistas relacionadas con estos temas.
www.sibetrans.com



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

CURSO 2º

OBXECTIVOS XERAIS

- Emprega-la técnica de traballo de campo como método etnomusicolóxico para o estudo da música tradicional.
- Adquirir o hábito de emprender proxectos que se poidan plasmar mediante as técnicas actuais de edición.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer, de xeito práctico e teórico os diferentes medios e ferramentas, como recurso de transmisión das investigacións.
- Adquirir hábitos de exposición adecuada dos coñecementos adquiridos , criterios adoptados e conclusións da investigación.
- Aproveita-los medios ó seu alcance con vistas a plasma-las súas propias investigacións.
- Adquiri-la formación etnomusicolóxica necesaria para levar a cabo investigacións sobre música tradicionais

CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- Concepto, tipoloxía e alcance do traballo de campo como método en Etnomusicoloxía.
- Formulación de hipóteses e proxectos.
- O equipamento técnico. Sistemas de gravación e arquivo. Consideracións sobre o tratamento da imaxe e o son por parte do investigador.
- A edición informática .

CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización dun proxecto de traballo de campo a realizar durante o curso ou no seu defecto un traballo pedagóxico relacionado co repertorio tradicional galego.
- Manexo dos diferentes equipos de son e vídeo.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

- Manexo dos programas de dición d etextos e partituras

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Lecturas de fragmentos e libros representativos, extraendo as ideas fundamentais.
- Ditados musicais, empregando músicas de tipoloxía diversa, gravada en CD ou en soporte informático.
- Transcricións co ordenador, empregando o programa *Finale* ou similar.
- Preparación dunha edición sobre o traballo realizado, empregando Word, *Finale*, e programas de edición de audio e vídeo.
- Elaboración de enquisas tipo.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización de traballos escritos sobre os contidos da materia.
- Manipulación propia de arquivos musicais e de medios informáticos.
- Elaboración de traballos titorizados sobre este programa.
- Elaboración do traballo en un CD que conteña pistas de audio, vídeo textos ,partituras etc
- Posta en práctica do modelo de enquisa en traballos concretos.

CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Interese pola investigación sobre as músicas de tradición oral
- Valoración da necesidade de expor os traballos de xeito adecuado.
- Emprego responsable e exhaustivo dos medios ó seu alcance.
- Interese por participar no mundo cultural relacionado coa nosa tradición.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

MINIMOS ESIXIBLES

Dado que se trata dunha materia totalmente práctica e adicando o que é Traballo de campo I a visións teóricas sobre etnografía , antropoloxía e métodos esixírase como requisito mínimo , presentar neste curso un traballo de transcripción e edición de música poidendo, en caso de que o alumno contemple a posibilidade , editar un texto pedagóxico ou compositivo relacionado coa música tradicional .

En todo caso será obrigatorio un traballo onde se empregue de xeito práctico un programa de edición de textos e outro de edición de partituras. Se o alumno non ten un tema elixido antes de novembro será o profesor quen lle poña en contacto con algún tipo de arquivo co que traballar aínda que sería desexable que o tema do traballo fora escollido polo alumno.

A extensión dependerá de varios factores :

1.Se é un traballo de recolleita feita polo propio alumno debe conter as transcripcións de todas as pezas e unha parte teórica segundo os contidos tratados no primeiro curso pero debe conter un mínimo de quince pezas.

2.Se e unha transcripción dunha gravación non efectuada polo alumno debe conter as transcripcións en número non inferior a trinta pezas e un traballo teórico sobre os contidos, contexto , e aspectos sobre esa recolleita cunha entrevista dunha persoa que estivera presente en dita gravación de quince páxinas con tamaño de letra times ou similar de 12 e marxes de 2 cms nos lados e 3 no superior e inferior.

Aínda que se trata de traballar aspectos máis relacionados coa práctica editorial, as gravacións deben conter un mínimo interese por tanto serán revisadas polo profesor.

3.Se se trata dun traballo pedagóxico sobre o instrumento principal ou outro tradicional traballarase en coordinación co profesor de instrumento(gaita).Este traballo constará de estudos ou obras que se poidan relacionar co ensino dun instrumento tradicional e debe presentarse finalizado para unha hipotética edición a finais de maio ou en setembro.O traballo constará ademáis dunha parte teórica de explicación de cada peza e dicir da súa estrutura , xeito de presentación, carácter da súa escrita,etc...e dunha introducción teórica sobre as pezas que sirva para que o lector se achegue ás mesmas.Debe de conter un mínimo de quince pezas poidendo variar segundo a extensión de cada unha.

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Ordenador con internet e correo electrónico.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

- Programas informáticos: Word, Sound Forge, Pinnacle, Finale, Encore.
- Cámara de vídeo
- Gravador Mini-Disc

METODOLOXÍA

A metodoloxía a utilizar no traballo de campo é eminentemente activa. Se trata de dar parámetros e criterios ó alumno para que este adquira certos coñecementos pero sobre todo para que adquira hábitos e estratexias adecuadas.

É fundamental nesta etapa familiarizarse coas teorías dos investigadores principais no ámbito etnomusicolóxico, así coma os traballos máis salientables ou ben os máis cercanos e acadables, que poden ser igualmente interesantes. Non debemos tampouco esquecer que nos encontramos cunha disciplina relativamente nova e non existe un sistema único, senón varias tendencias. Neste sentido, os alumnos deben ser conscientes do que poden aportar a esta disciplina e o que o estudo do propio folclore pode aportarlles no estudo do instrumento.

O traballo combinará:

- -Realización dun traballo etnomusicolóxico .
- -Presentación de dito traballo en soporte informático elaborado polo propio alumno e listo para unha hipotética publicación
- -Escoita de gravacións e comentarios.
- -Realización de material para realizar a recollida de datos
- -Edición das transcripcións .
- -Edición dos textos relativos ó traballo.
- -Busca de información na realidade
- -Debate sobre a conveniencia dos métodos utilizados.
- -Transcrición por medio dos métodos que estean ó alcance
- -Elaboración de conclusións e relación do traballo.

En caso de optar por un traballo pedagógico.

- o Xustificación das diversas partes do traballo dende un punto de vista pedagógico.

Por suposto os temas de traballo deberían ser seleccionados segundo as posibilidades reais de tempo ,dispoñibilidade e medios

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Manexar un programa de edición de son a nivel básico.
- Editar un texto escrito en programa informático Word ou similar .



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

- Editar partituras en Finale ou similar.
- Transcribir pezas de tipo tradicional enfrentándose á problemática que esto conleva.
- Ser capaz de editar un cuadernillo de pezas combinando texto, partituras e gravacións.
- Aportacións nas clases e regularidade no traballo

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1 Instrumentos de avaliación

- Elaboración dun traballo coas características arriba sinaladas. Non haberá probas de exame.
- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións en clase e os avances nas técnicas informáticas de edición.
- Elaboración de artigos sobre temas relacionados coas músicas de tradición oral.
- Os alumnos que non superen a materia en xuño deberán entregar os traballos solicitados coas mesmas características no mes de setembro.

2. Sistemas de Cualificación

- Se calificarán os traballos de 0 a 10

3 Publicidade a alumnos e pais .

Postos que non podemos esquecer a condición de adultos maiores de idade destes alumnos se informará das características da materia a principio de curso e tamén nas clases da existencia drecordando a accesibilidade á programación na paxina web do centreo coas condicións de avaliación desta materia.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

2 Recuperacións durante o curso

Non hai .Únicamente se advertirá ó alumno de que o seu ritmo de traballo non é o adecuado ou se lle sinalarán aspectos incompletos nos que ten que traballar , cousa por outro lado bastante obvia neste tipo de materias.

3Probas extraordinarias

Non hai .En todo caso os alumnos poden presentar o traballo en setembro.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO
PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS
S.D

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1.Visita ó Taller de instrumentos tradicionais da Universidade Popular de Vigo nos meses de marzo ou abril.

2.No caso de que se solicite por parte dun alumno que estea a facer unha recollida se contemplará a visita ó lugar de recolleita por parte dun equipo de alumnos e no que estaría incluído o profesor .

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Se terá en conta a diversidade de inquietudes e capacidades dos alumnos á hora de asignar traballos e mesmo á hora de impartir contidos.Neste senso se ofrece a posibilidade de manter contacto co profesor mediante e mail e despois das clases para tratar asuntos realcionados coa materia.

Respecto ó traballo cada un deles se adaptará ás características , formación e coñecementos dos alumnos pero tamén as súas inquietudes .Considérase que para que o traballo final sexa útil debe estar en consancia coas aptitudes do alumno e as súas preferencias con respecto ás musicas de tradición oral galegas.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

CURSO 3º

OBXECTIVOS XERAIS

- Realizar investigacións de campo de xeito autónomo, utilizando as ferramentas e técnicas propias da etnomusicoloxía, deixando reflectido dun xeito adecuado nun documento ditas investigacións dun xeito adecuado .
- Acadar a autonomía necesaria para realizar investigacións sobre un tema determinado e inédito en profundidade.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer, de xeito práctico e teórico os diferentes medios e ferramentas, como recurso de transmisión das investigacións.
- Adquirir hábitos de investigación e toma en contacto coa realidade cultural en relación a un proxecto dado.
- Reflexionar sobre os aspectos antropolóxicos e sociolóxicos da música.
- Adquirir hábitos de exposición adecuada dos coñecementos adquiridos , criterios adoptados e conclusións da investigación.
- Aproveita-los medios ó seu alcance con vistas a plasma-las súas propias investigacións.

CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- Concepto, tipoloxía e alcance do traballo de campo como método en Etnomusicoloxía.
- A edición de textos e partituras .
- Formulación de hipóteses e proxectos.
- O equipamento técnico. Sistemas de gravación e arquivo. Consideracións sobre o tratamento da imaxe e o son por parte do investigador.
- Conceptos de antropoloxía e socioloxía en relación coa investigación de campo.
- Os diferentes tipos de traballos de investigación de recollida, clasificación, descritivos, históricos, sociolóxicos, estatísticos, etc.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización dun proxecto do traballo de campo a realizar durante o curso
- Manexo dos diferentes equipos de son e video

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Lecturas de fragmentos e libros representativos, extraendo as ideas fundamentais.
- Transcricións, empregando músicas de tipoloxía diversa, gravada en CD ou en soporte informático.
- Preparación dunha edición sobre o traballo realizado, empregando Word, Finale, e programas de edición de audio e vídeo.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización de traballos escritos sobre os contidos da materia.
- Manipulación propia de arquivos musicais e de medios informáticos.
- Elaboración do traballo en un CD que conteña pistas de audio, video textos ,partituras etc

CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Interese pola investigación sobre as músicas de tradición oral
- Valoración da necesidade de expor os traballos de xeito adecuado.
- Emprego responsable e exhaustivo dos medios ó seu alcance.

MINIMOS ESIXIBLES

Dado que se trata dunha materia totalmente práctica e adicando o que é Traballo de campo I a visións teóricas sobre etnografía , antropoloxía e TC II ó manexo de técnicas informáticas esixírase como requisito mínimo , presentar neste curso un traballo de investigación que pode versar sobre algún aspecto da música no noso país. Este traballo terá continuidade en TC IV e por tanto inclúe:

-A elección dun tema apropiado.

-A elaboración dun plan para levar a cabo dito traballo coa entrega dun guión antes das



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

vacacións de Nadal .

-O desenvolvemento dunha parte do traballo ou o seu esbozo aínda que o traballo debe ser presentado como se fora un traballo rematado que poida ser ampliado.

Será obrigatorio entregar un traballo de unha extensión mínima de corenta páxinas sen as imaxes e cun tamaño de letra de 10 Times New Roman con marxes laterais de 2 cms e superior e inferior de 3 cms. Se o alumno non ten un tema elixido antes de novembro será o profesor quen lle propoña aínda que sería desexable que o tema do traballo fora escollido polo alumno.

En caso de presentar un traballo de transcripción deberá ser de un mínimo de trinta pezas cun soport teórico de vinte páxinas sen as imaxes e cun tamaño de letra de 10 Times New Roman con marxes laterais de 2 cms e superior e inferior de 3 cms.

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Ordenador con internet e correo electrónico.
- Programas informáticos: Word, Sound Forge, Pinnacle, Finale, Encore.
- Cámara de video
- Gravador Mini-Disc.

Bibliografía a utilizar

- **Cámara de Landa, Enrique** .*Etnomusicología* Ed. ICCMU .Colección Música Hispana.Madrid 2002.
- **Nettl, Bruno** : *Música folclórica de los países occidentales*.Ed.Alianza Música.Madrid 1985.
- **Cruces, F. e outros.**: *Las culturas musicales*. Ed. Trotta. Madrid, 2001.
- **Díaz Viana, Luis**. *Música y Culturas*. Ed, Eudema antropología .Madrid 1993

Outras fontes de consulta:

- Actas dos congresos de Etnomusicoloxía e revistas relacionadas con estes temas.
- Revista Etno-folk. Ed. Dos Acordes

Páxinas web

www.sibetrans.com



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

METODOLOXÍA

A metodoloxía a utilizar no traballo de campo é eminentemente activa. Se trata de dar parámetros e criterios ó alumno para que este adquira certos coñecementos pero sobre todo para que adquira hábitos e estratexias adecuadas.

O profesor debe ser tan só unha guía do proceso, posto que o traballo de iniciación suponse feito nos cursos anteriores corresponde agora afondar e sobre todo dotar ós alumnos de medios técnicos e tempo para realizar traballos.

Non debemos tampouco esquecer que nos encontramos cunha disciplina relativamente nova e non existe un sistema único. Neste sentido, os alumnos deben ser conscientes do que poden aportar a esta disciplina e o que o estudio do propio folclore pode aportarlles no estudio do instrumento.

O traballo combinará:

- Debate na clase dos aspectos traballados por cada alumno.
- Afondamento nas tarefas de edición de textos, partituras e son.
- Realización de material para realizar a recollida de datos
- Busca desa información na realidade
- Debate sobre a conveniencia dos métodos utilizados
- -Elaboración de conclusións e relación do traballo.
- Presentación para unha hipotética publicación.

Por suposto os temas de traballo deberían ser seleccionados segundo as posibilidades reais de tempo, dispoñibilidade e medios

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Definir, empregando un léxico apropiado, as características básicas do investigado .
- Exposición de ideas, resultados etc. de xeito adecuado.
- Manexar un programa de edición de son a nivel medio.
- Editar un texto escrito en programa informático Word ou similar a nivel avanzado.
- Editar partituras en Finale ou similar a nivel medio.
- Aportacións nas clases e regularidade no traballo.
- Manexar con soltura os medios informáticos de edición .



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1 Instrumentos de avaliación

- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común.
- Elaboración de artigos sobre un tema relacionado coas músicas de tradición oral.
- Traballo individual sobre algún aspecto da música de tradición oral en Galicia cunha extensión que se determinará segundo o tipo de traballo.
- Os alumnos que non superen a materia en xuño deberán entregar os traballos solicitados coas mesmas características no mes de setembro.

2. Sistemas de Cualificación

- Se calificarán os traballos de 0 a 10

3 Publicidade a alumnos e pais .

Postos que non podemos esquecer a condición de adultos maiores de idade destes alumnos se informará das características da materia a principio de curso e tamén nas clases da existencia drecordando a accesibilidade á programación na paxina web do centreo coas condicións de avaliación desta materia.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Recuperacións durante o curso

Non hai .Únicamente se advertirá ó alumno de que o seu ritmo de traballo non é o adecuado ou se lle sinalarán aspectos incompletos nos que ten que traballar , cousa por outro lado bastante obvia neste tipo de materias.

Probas extraordinarias

Non hai .En todo caso os alumnos poden presentar o traballo en setembro.

PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS
S.D

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1.Visita ó Taller de instrumentos tradicionais da Universidade Popular de Vigo nos



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

meses de marzo ou abril.

2.No caso de que se solicite por parte dun alumno que estea a facer unha recollida se contemplará a visita ó lugar de recolleita por parte dun equipo de alumnos e no que estaría incluído o profesor .

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Se terá en conta a diversidade de inquietudes e capacidades dos alumnos á hora de asignar traballos e mesmo á hora de impartir contidos.Neste senso se ofrece a posibilidade de manter contacto co profesor mediante e mail e despois das clases para tratar asuntos realcionados coa materia.

Respecto ó traballo cada un deles se adaptará ás características , formación e coñecementos dos alumnos pero tamén as súas inquietudes .Considérase que para que o traballo final sexa útil debe estar en consancia coas aptitudes do alumno e as súas preferencias con respecto ás musicas de tradición oral galegas.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

CURSO 4º

OBXECTIVOS XERAIS

- Acadar a autonomía necesaria para realizar investigacións sobre un tema determinado e inédito en profundidade.
- Realizar unha investigación de campo de xeito autónomo, utilizando as ferramentas e técnicas propias da etnomusicoloxía, deixando reflectido dun xeito adecuado nun documento ditas investigacións.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Coñecer, de xeito práctico e teórico os diferentes medios e ferramentas, como recurso de transmisión das investigacións.
- Reflexionar sobre os aspectos antropolóxicos e sociolóxicos da música.
- Adquirir hábitos de exposición adecuada dos coñecementos adquiridos, criterios adoptados e conclusións da investigación.
- Aproveita-los medios ó seu alcance con vistas a plasma-las súas propias investigacións.

CONTIDOS CONCEPTUAIS BÁSICOS

- Concepto, tipoloxía e alcance do traballo de campo como método en Etnomusicoloxía.
- Formulación de hipóteses e proxectos .
- O equipamento técnico. Sistemas de gravación e arquivo. Consideracións sobre o tratamento da imaxe e o son por parte do investigador.
- Conceptos de antropoloxía e socioloxía en relación coa investigación de campo.
- Os diferentes tipos de traballos de investigación de recollida, clasificación, descritivos, históricos, sociolóxicos, estatísticos,etc.

CONTIDOS CONCEPTUAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización dun proxecto do traballo de campo a realizar durante o curso como continuación e profundización do iniciado en terceiro.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

- Manexo dos diferentes equipos de son e vídeo.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS BÁSICOS

- Lecturas de fragmentos de traballos representativos en revistas especializadas, extraendo as ideas fundamentais.
- Preparación dunha edición sobre o traballo realizado, empregando Word, Finale, e programas de edición de audio e vídeo.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS COMPLEMENTARIOS

- Realización de traballos escritos sobre os contidos da materia.
- Manipulación propia de arquivos musicais e de medios informáticos.
- Elaboración do traballo en un CD que conteña pistas de audio, vídeo textos, partituras etc.

CONTIDOS ACTITUDINAIS BÁSICOS

- Interese pola investigación sobre as músicas de tradición oral
- Valoración da necesidade de expor os traballos de xeito adecuado.
- Emprego responsable e exhaustivo dos medios ó seu alcance.

MINIMOS ESIXIBLES

O traballo do último debe mostrar profundidade. Aínda que se permitirá realizar un traballo diferente ó feito en terceiro se recomendará utilizar o material reliazado no curso anterior para facer unha investigación en profundidade dado que a extensión se incrementará . Xa non se trata dun ensaio. O resultado debe acadar conclusións propias e interesantes tendo en conta que debería ser exposto e publicado.

Será obrigatorio entregar un traballo de unha extensión mínima de cen páxinas sen as imaxes e cun tamaño de letra de 10 Times New Roman con marxes laterais de 2 cms e superior e inferior de 3 cms. En caso de presentar un traballo de transcripción deberá ser de un mínimo de corenta pezas (cincuenta se e unha continuación do feito en 3º) cun soport teórico de corenta páxinas sen as imaxes e cun tamaño de letra de 10 Times New Roman con marxes laterais de 2 cms e superior e inferior de 3 cms.



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

RECURSOS MATERIAIS

- Equipo de son.
- Ordenador con internet e correo electrónico.
- Programas informáticos: Word, Sound Forge, Pinnacle, Finale, Encore.
- Cámara de fotos.
- Gravador Mini-Disc.

METODOLOXÍA

- Neste derradeiro curso o alumno debe realizar un traballo de tipo tese . Este traballo terá as características que corresponden a un traballo de fin de carreira. O profesor debe ser tan só unha guía do proceso, xa que o alumno pode e debe investigar de xeito independente. Xa non se trata dun ensaio. O resultado debe acadar conclusións propias e interesantes tendo en conta que debería ser exposto e publicado.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Emprego axeitado das ferramentas e medios dispoñibles abnivel avanzado
- Exposición de ideas, resultados, etc. de xeito adecuado.

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1 Instrumentos de avaliación

- Traballo individual de investigación sobre un tema concertado entre alumno e profesor sobre algún aspecto da música de tradición oral en Galicia coa extensión e carácter sinalados arriba
- Observación diaria e sistemática, recollendo datos sobre as súas contribucións nos debates e postas en común.
- Exposición pública de dito traballo en aula aberta ó público.
- Os alumnos que non superen a materia en xuño deberán entregar os traballos solicitados coas mesmas características no mes de setembro.

2. Sistemas de Cualificación

- Se calificarán os traballos de 0 a 10



DEPARTAMENTO DE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR
ESPECIALIDADE INSTRUMENTOS DA MÚSICA TRADICIONAL E POPULAR

MATERIA: TRABALLO DE CAMPO

3 Publicidade a alumnos e pais .

Postos que non podemos esquecer a condición de adultos maiores de idade destes alumnos se informará das características da materia a principio de curso e tamén nas clases da existencia drecordando a accesibilidade á programación na paxina web do centreo coas condicións de avaliación desta materia.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO

Recuperacións durante o curso

Non hai .Únicamente se advertirá ó alumno de que o seu ritmo de traballo non é o adecuado ou se lle sinalarán aspectos incompletos nos que ten que traballar , cousa por outro lado bastante obvia neste tipo de materias.

Probas extraordinarias

Non hai .En todo caso os alumnos poden presentar o traballo en setembro.

PROGRAMACIÓN DOS TEMAS TRANSVERSAIS

S.D

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

.No caso de que se solicite por parte dun alumno que estea a facer unha recollida se contemplará a visita ó lugar de recolleita por parte dun equipo de alumnos e no que estaría incluído o profesor .

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Se terá en conta a divesidade de inquietudes e capacidades dos alumnos á hora de asignar traballos e mesmo á hora de impartir contidos.Neste senso se ofrece a posibilidade de manter contacto co profesor mediante e mail e despois das clases para tratar asuntos realcionados coa materia.

Respecto ó traballo cada un deles se adaptará ás características , formación e coñecementos dos alumnos pero tamén as súas inquietudes .Considérase que para que o traballo final sexa útil debe estar en consancia coas aptitudes do alumno e as súas preferencias con respecto ás musicas de tradición oral galegas.